

Modificacións fiscais establecidas para este período de abril e maio

Dentro do marco legal actual das administracións públicas, as disposicións legais sobre taxas e recadación do Concello, coa valoración do necesario equilibrio dos recursos dispoñíbeis para pagos a provedores e servizos, estas son as medidas para estes vindeiros meses, agardando mellore progresivamente a situación sanitaria e socioeconómica.

1. O período voluntario de ingreso das seguintes débedas amplíase tal e como se describe a continuación:

CONCEPTO	PERIODO COBRO ANTERIOR	AMPLIACION PERIODO COBRO EN VOLUNTARIO	DATA CARGA DOMICILIADOS
Taxa polo Servizo de Recollida do Lixo do 1º cuatrimestre de 2020	Do 23/03/2020 ata o 23/05/2020	Do 01/05/2020 ata o 01/07/2020	05/05/2020
Imposto Sobre Vehículos de Tracción Mecánica 2020	Do 23/03/2020 ata o 23/05/2020	Do 01/04/2020 ata o 01/07/2020	06/04/2020

- Ampliase polo tanto 1 mes máis o prazo voluntario de vehículos, eliminase a coincidencia dos recibos domiciliados por vehículos e lixo no mesmo mes.

2. Ampliase e modifícase o prazo de solicitude para acollerse ao sistema especial de pagamento fraccionado do Imposto Sobre bens Inmóbles até o 30 de abril de 2020 e as datas de domiciliación do cargo bancario do sistema especial de pagamento quedan establecidas tal e como se detalla:

Data anterior 1º cargo do Sistema especial de Pagamento	Data ampliada 1º cargo do Sistema especial de Pagamento
10/06/2020	10/07/2020

Data anterior 2º cargo do Sistema especial de Pagamento	Data ampliada 2º cargo do Sistema especial de Pagamento
10/09/2020	10/10/2020

3. Non se pasarán a cobro as taxas do mercadillo e mercado deste semestre e até a modificación da ordenanza fiscal.

4. Buscouse o aprazamento da posterior recadación executiva destes impostos o maior tempo posíbel en canto non cambien as condicións socioeconómicas actuais. E neste senso ofrécese a maior colaboración coa veciñanza para evitar e solucionar calquera situación particular.

5. Seguirase atentos á evolución da crise, das problemáticas das familias e empresas de cara a futuras medidas nos vindeiros meses.